

## Toca resintonizar os canais de TDT o próximo domingo 26 de outubro.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 10 Outubro 2014 01:07

---



Un proceso de relocalización de frecuencias de televisión na banda de 800 MHz para deixalas dispoñibles para as redes de telefonía móbil de alta velocidade (4G), obrigará a resintonizar os televisores o vindeiro domingo 26 de outubro. Nese senso o Ministerio de Industria, Energía y Turismo informou este xoves que botará andar unha campaña informativa a partir do mércores 15. Na maioría das vivendas se adianta que só constará dunha operación co mando da TV. No caso das antenas colectivas en edificios a adaptación deberá facela persoal cualificado e o Estado destinará subvencións a tal fin. En todo caso a cidadanía pode informarse na web [www.televisiondigital.es](http://www.televisiondigital.es) e nos teléfonos 901 20 10 04 e 954 30 77 96.

### **Que facer nas vivendas unifamiliares ou pequenos edificios con antenas individuais?**

As vivendas unifamiliares, dotadas con antena individual non terán que realizar adaptacións nas mesmas, avanza Industrias. Engade que en todos os casos só será necesario sintonizar cada televisor da casa a través do menú do seu mando para buscar as canles. É dicir, a operación normal de sintonía ao conectar por primeira vez a tv coa antena.

### **Que facer nas comunidades de propietarios de edificios afectados?**

Neste caso, as comunidades de propietarios de edificios con sistemas de recepción monocanales ou centralitas programables deberán facelo a través dun instalador de

## **Toca resintonizar os canais de TDT o próximo domingo 26 de outubro.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 10 Outubro 2014 01:07

---

telecomunicacións rexistrado. Unha lista dos mesmos atópase no web [www.televisiondigital.es](http://www.televisiondigital.es) .

A comunidade deberá solicitar á empresa instaladora un presuposto cos traballos a realizar e o detalle dos elementos a substituír. Finalizados os traballos o instalador deberá entregar un exemplar do boletín de instalación existente no edificio con detalle do realizado e a factura. As axudas se poderán solicitar unha vez realizadas as actuacións. Para máis información débese contactar cos teléfonos achegados polo Ministerio de Industria.

### **Emisión en simulcast durante algún tempo**

Ata o vindeiro 1 de xaneiro algunhas canles de televisión emitirán en simulcast, na antiga e nova frecuencia, para facilitar os axustes. Estas emisións en simulcast variarán entre as distintas rexións xeográficas. O proceso de adaptación deberá rematar antes de fin de ano cando unicamente se emitirá pola nova frecuencia asignada.